



I Concurso de vídeos de TikTok polo coidado do Medio Ambiente

COIDA O MEDIO AMBIENTE, COIDA O TEU FOGAR!

Con motivo da conmemoración do **5 de xuño, Día Internacional do Medio Ambiente**, presentamos o ...

I Concurso de TikTok polo coidado do Medio Ambiente do Concello de Meis

“Coida o medio ambiente, coida o teu fogar”

As persoas que queiran participar deberán gravar un vídeo a través desta rede social coa temática do coidado ao medio ambiente, a conciencia das problemáticas ambientais tanto da contorna próxima como as do conxunto do planeta, a interrelación entre as condutas individuais e as consecuencias ou beneficios globais ...

A través da aplicación TikTok, poderedes crear, editar e subir videoselfies de ata 1 minuto máximo, aos que lle poderedes aplicar efectos e engadirles un fondo musical.

Animádevos a participar enviando á Oficina Municipal de Información Xuvenil as vosas creacións.

A continuación preséntanse as bases de participación no concurso...



BASES DE PARTICIPACIÓN

OBJECTO: O obxecto destas bases é regular a concesión dos premios do **I Concurso TikTok polo coidado do Medio Ambiente Concello de Meis “coida o medio ambiente, coida o teu fogar”**, organizado pola **Concello de Meis** a través da **Oficina Municipal de Información xuvenil (OMIX)** coa finalidade de reflexionar e sensibilizar sobre o coidado ao medio ambiente, as problemáticas ambientais e a interrelación entre as condutas individuais e as consecuencias ou beneficios globais.

PARTICIPANTES: Poderán participar persoas maiores de 12 anos de xeito individual e menores de 12 anos cando se faga en familia.


Cada autor ou autora poderá presentar tantas obras como desexe. As persoas participantes deberán estar empadroadas no Concello de Meis.

Para participar enviarase o **formulario de inscrición** ao correo electrónico **omix@meis.gal** e etiquetarase o vídeo no perfil de TikTok: **@omixmeis**.

TEMÁTICA: A temática á que deben axustarse os traballos é o coidado ao medio ambiente, as problemáticas ambientais e a interrelación entre as condutas individuais e as consecuencias ou beneficios globais.

Os vídeos participantes terán que incluír algún dos seguintes hashtags:

#5XMedioAmbiente #MeiscoPlaneta #TikTokMeis #coidaomediambiente





PRESENTACIÓN: Os TikTok presentarase en galego e deberán etiquetar o perfil en TikTok do Oficina Municipal de Información Xuvenil: [@omixmeis](https://www.tiktok.com/@omixmeis).

Todos os TikTok que se presenten deberán ser orixinais e inéditos.

As persoas participantes serán as únicas responsables do contido dos seus TikTok en canto a esixencias legais de dereitos de autoría ou plaxios, segundo as leis vixentes.

Non serán admitidos traballos con contido machista, xenófobo, homófobo, racista, violento ou de incitación ao odio. Resérvase o dereito a excluír traballos.

Participación grupal: Os traballos conxuntos, realizados por un grupo, familia, unha clase, etc. deberán presentarse a nome dunha única persoa responsable, aínda que, na ficha de inscrición, deberán constar todas as persoas participantes.

CRITERIOS DE VALORACIÓN:

- Contido e tratamento do tema (ata 5 puntos)
- Creatividade e orixinalidade (ata 3 puntos)
- Presentación en xeral (ata 2 puntos)

PRAZO: O prazo para a presentación dos TikTok establécese dende o mércores 9 de xuño e rematará o venres 25 de xuño.

SELECCIÓN E XURADO: A organización do concurso procederá á preselección de nove vídeos de TikTok. Dos nove TikTok preseleccionados, un xurado, composto por persoal técnico municipal e persoas expertas na materia, valorará entre 1 e 10 puntos cada un dos vídeos atendendo aos criterios de valoración recollidos no punto 6. Entre os mellor puntuados decidirá cales son os tres gañadores.

A decisión do xurado farase público no Facebook do Concello de Meis e na páxina web <http://www.meis.gal/>

O Concello de Meis resérvase o dereito á promoción dos vídeos nas redes sociais, sempre sen ánimo de lucro.



PREMIOS: Outorgaranse en especie e consistirán:

1º premio: Aro de luz.

2º premio: Auriculares inalámbricos.

3º premio: Altoparlante bluetooth.

ENTREGA DE PREMIOS: Os traballos gañadores daranse a coñecer o 29 de xuño de 2021.

Sempre que a situación sanitaria o permita, os premios entregaranse en acto público ao que deberán asistir, se é posible, as persoas gañadoras, que serán avisadas con antelación. Os premios poderán ser declarados desertos e a decisión do xurado será inapelable.

DIFUSIÓN: Os TikTok gañadores poderán divulgarse a través dos medios de comunicación e redes sociais.

ACEPTACIÓN DAS BASES: Cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases.

Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado, e as súas decisións serán inapelables.

As bases estarán dispoñibles na web: <http://www.meis.gal/>

Que me dices?... Animádesvos a participar no I Concurso TikTok polo coidado do Medio Ambiente Concello de Meis?